

Lembro os tempos nos que tiña palabras. Viñan a min sen pedilas, nunha danza espontánea, ordenada, coherente... Sen eu saber como, sen nin sequera buscalas, enchían calquera oco, parecía que non remataban nunca... Algunhas perdéronse para sempre entre a abundancia, quedando eternamente apócrifas. As palabras que me faltan, constrúen abismos aos meus pés e descubren ideas imposibles, pretéritas, malogradas...

Agora hai por diante un pentagrama baleiro mais non creas que sinto vertixe, estas sentenzas xa foron escritas hai séculos.

Sempre tivemos que calmar a sede e matar a fame...

Sempre houbo un poema morrendo de frío...

Esta vez non é diferente: cada batalla describe unha vitoria única.

Se cada, por fin perderemos o medo á dor, á morte, á perda, ao horror... Se

cada deixaremos de ver unhas cousas e empezaremos a escoitar outras ou aprenderemos a esperar doutro xeito, deixando sitio para os novos principios.

*Batallas*

*Clara Gayo*